

PROTOCOLO FISICOVID RIANXO

**Medidas de protección e prevención da saúde
frente á COVID-19 nas instalacións deportivas
municipais**

Pavillóns polideportivos municipais

PROTOCOLO FISICOVID RIANXO – PAVILLÓNS DEPORTIVOS

Antecedentes

A crise sanitaria ocasionada pola COVID19 obrigou a adopción de medidas de prevención en distintos ámbitos, entre eles o deportivo. Na elaboración deste protocolo tívose en conta a normativa ditada para a práctica deportiva, así como as características das instalacións deportivas municipais e a actividade que neles se desenvolve:

- Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia, publicado no DOGA núm. 120 do venres 19 de xuño de 2020.
- ORDE do 27 de agosto de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- ORDE do 9 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- ORDE do 17 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia. Federación Galega de Voleibol (FGVb Outubro 2020).

- Anexo II – Voleibol Adestramentos (Protocolo Fisicovid-DxT galego da Federación Galega de Voleibol). Outubro 2020.
- Anexo III – Voleibol Competición (Protocolo Fisicovid-DxT galego da Federación Galega de Voleibol). Outubro 2020.
- Protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito da Federación Galega de Baloncesto (FEGABA). Setembro 2020.
- Anexo I – Federación Galega de Baloncesto. Setembro 2020.

Obxecto e vixencia

- O obxecto deste protocolo é regular o uso e as actividades que se han desenvolver nos pavillóns municipais de Taragoña e Rianxo.
- Aplicarase desde o 20 de outubro e manterase mentres estean vixentes as medidas de prevención fronte á COVID19, sen prexuízo da súa adaptación aos posibles cambios nas ditas medidas.

Normais xerais

- Os clubs terán que cumprir todas as medidas establecidas neste protocolo e nos referidos nos antecedentes, especialmente ás da federación correspondente á súa modalidade deportiva.
- Cada club elaborará un protocolo coas medidas de prevención para os axentes que participen directamente ou indirectamente na práctica deportiva.
- A entidade deportiva designará un/ha coordinador/a como responsable da implementación, cumprimento e seguimento dos protocolos federativo e municipal, que será o/a único/a interlocutor/a en canto a estes protocolos se refire co Concello de Rianxo, e ao que informarán sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento.

Comunicación e seguimento

- No caso de que un membro do club teña sintomatoloxía da COVID-19 deberá seguir o disposto no artigo 7 do protocolo da FEGABA e no artigo 7 do da FGVb..

- A maiores do disposto no artigo anterior, o club informará ao Concello de Rianxo das incidencias relativas a casos sospeitosos, confirmados e as actuacións desenvolvidas ao respecto.

Uso da instalación

- O Concello colocará carteis informativos sobre as medidas de protección.
- O uso da máscara é obrigatorio durante toda a estancia na instalación.
- Facer unha autoavaliación diaria da posible sintomatoloxía por parte dos/as compoñentes do equipo, antes de acudir a cada sesión de práctica deportiva (febre, tos, falta de alento...). No caso de ter algún destes síntomas, non se deberá acudir á actividade.
- Prohíbese asistir á actividade no caso de estar diagnosticado/a como positivo en COVID-19 ata que se dispoña da alta epidemiolóxica e tamén no caso de estar pendente de resultados de probas diagnósticas do sistema sanitario ou ser coñecedor/a de que se estivo en contacto estreito nos últimos 14 días con algunha persoa positiva por COVID-19.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcolico.
- Manterán unha distancia mínima interpersonal coas demais persoas usuarias de polo menos 1,5 metros.
- A entidade realizará un control diario de asistencia no que rexistrarán nome e teléfono de contacto dos/as participantes na actividade.
- Só se permite o acceso de público na actividade competitiva. A entidade organizadora do encontro será a encargada de controlar o acceso, aforo e mantemento das medidas recollidas no presente protocolo e no da Federación Galega correspondente.
- Nos adestramentos non se permite o acceso de público, acompañantes, pais, etc., á instalación.
- Respectaranse as medidas hixiénicas do protocolo federativo e do club.
- O adestramento pode ser individual ou colectivo, sen contacto ou con contacto físico.
- Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.
- Cando a actividade deportiva supoña contacto físico ou non se poida garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas que a practican deberá utilizarse a máscara.

- Na competición é obrigatorio o uso de máscara.

Capacidade

- Respectarase a capacidade dos distintos espazos da instalación.
- De ser necesario, estableceranse quendas para graduar a chegada do persoal do equipo para impedir a masificación na zona de acceso.
- O capacidade máxima de cada instalación e espazo deportivo é a sinalada no Anexo I.

Uso por parte dos/as usuarios/as deportistas

- Respectar as indicacións deste documento, o protocolo da Federación Galega de Voleibol, da Federación Galega de Baloncesto e as indicacións do persoal do Servizo Municipal de Deportes (no caso de habelos).
- No caso de compartir material na actividade, atenderanse as recomendacións do protocolo da Secretaría Xeral para o Deporte, da Federación Galega de Voleibol , da Federación Galega de Baloncesto, e como norma xeral, procederase á súa desinfección antes e despois do uso por parte de cada grupo.
- Uso individual de botellas de auga.
- Prohibido comer nas instalacións.

Medidas de hixiene e desinfección

- O Concello de Rianxo dotará ás instalación de dispensadores de xel hidroalcolico e de papeleiras con tapa e apertura non manual.
- O Concello de Rianxo será o encargado de efectuar a limpeza da instalación unha vez remate a xornada de uso e antes da seguinte sesión.
- Despois do uso de cada quenda procederase á limpeza dos elementos comúns (manubrios, bancos, material deportivo...). Unha vez rematada a actividade, o material deportivo desinfectarase antes de gardalo. A entidade será a responsable destas accións de limpeza (elementos comúns e material deportivo).

Anexo I – Capacidade das instalacións

En virtude da ORDE do 21 outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, os aforos das bancadas e dos espazos deportivos recollidos neste anexo vense reducidos un 50 %.

Pavillón Municipal de Rianxo

Espazo	Capacidade	Observacións
Pista completa	25	<i>A capacidade indicada é a total, e inclúe o adestrador e resto de persoal non deportista</i>
Pista transversal 1	25	<i>No caso de uso simultáneo das dúas pistas, non poderá haber ningún tipo de interacción entre os deportistas dun campo e o outro, sendo obrigatorio o uso da cortina divisoria</i>
Pista transversal 2	25	
Vestiaro 1	5	<i>Unicamente estará permitida a súa utilización no caso de ser posible a desinfección entre a entrada e saída de persoas, así coma a ventilación do espazo.</i>
Vestiaro 1 - duchas	4	
Vestiaro 2	5	
Vestiaro 2 - duchas	4	
Vestiaro árbitro 1	1	<i>Estableceranse quendas, tanto como para o acceso aos vestiarios coma para as duchas.</i>
Vestiaro árbitro 2	1	
Aseo adaptado	1	
Almacéns	1	<i>Non está permitido o acceso aos almacéns aos deportistas, a entidade designará ás persoas que poden acceder.</i>
Oficina	1	<i>Uso exclusivo persoal do Servizo de Deportes</i>
Aseos públicos masculino	3	<i>Uso permitido.</i>
Aseos públicos feminino	3	<i>Uso permitido.</i>
Bancadas	75	<i>Só se permite a presenza de espectadores nas bancadas na actividade competitiva.</i>

Pavillón de Taragoña

Espazo	Capacidade	Observacións
Pista completa	25	<i>A capacidade indicada é a total, e inclúe o adestrador e resto de persoal non deportista</i>
Vestiario 1	4	<i>Unicamente estará permitida a súa utilización no caso de ser posible a desinfección entre a entrada e saída de persoas, así coma a ventilación do espazo.</i>
Vestiario 1 - duchas	4	
Vestiario 2	4	
Vestiario 2 - duchas	4	<i>Estableceranse quendas, tanto como para o acceso aos vestiarios coma para as duchas.</i>
Vestiarios árbitro	1	<i>Inclúe ducha.</i>
Botiquín	1	<i>Non está permitido o acceso ao botiquín aos deportistas, a entidade designará ás persoas que poden acceder.</i>
Oficina	1	<i>Uso exclusivo persoal do Servizo de Deportes</i>
Almacén	1	<i>Non está permitido o acceso dos/as deportistas ao almacén, a entidade designará as persoas que poden acceder.</i>
Aseos públicos masculinos	1	<i>Uso permitido.</i>
Aseos públicos femininos	1	<i>Uso permitido.</i>
Bancadas	25	<i>Só se permite a presenza de espectadores nas bancadas na actividade competitiva.</i>

Pavillón Municipal de Rianxo – Uso escolar

Espazo	Capacidade	Observacións
Pista completa	25	<i>A capacidade indicada é a total, e inclúe ao profesor.</i>
Pista transversal 1	25	<i>No caso de uso simultáneo das dúas pistas, non poderá haber ningún tipo de interacción entre os alumnos dun campo e o outro, sendo obrigatorio o uso da cortina divisoria.</i>
Pista transversal 2	25	
Vestiario 1	5	<i>Unicamente estará permitida a súa utilización no caso de ser posible a desinfección entre a entrada e saída de persoas, así coma a ventilación do espazo.</i>
Vestiario 1 - duchas	4	
Vestiario 2	5	
Vestiario 2 - duchas	4	
Vestiario árbitro 1	1	
Vestiario árbitro 2	1	
Aseo adaptado	1	<i>Acceso coa supervisión do profesorado.</i>
Almacén		<i>Non está permitido o acceso dos/as alumnos/as. O profesorado será o encargado de acceder ao almacén.</i>
Oficina	1	<i>Uso exclusivo persoal do Servizo de Deportes</i>
Aseos públicos masculino	3	<i>Uso permitido.</i>
Aseos públicos feminino	3	<i>Uso permitido.</i>
Bancadas	75	<i>Só se permite a presenza de espectadores nas bancadas na actividade competitiva.</i>

Pavillón de Taragoña – Uso escolar

Espazo	Capacidade	Observacións
Pista completa	25	<i>A capacidade indicada é a total, e inclúe ao profesor.</i>
Vestiario 1	4	<i>Unicamente estará permitida a súa utilización no caso de ser posible a desinfección entre a entrada e saída de persoas, así coma a ventilación do espazo.</i>
Vestiario 1 - duchas	4	
Vestiario 2	4	
Vestiario 2 - duchas	4	
Vestiaros técnico	1	<i>Uso exclusivo profesorado.</i>
Botiquín	1	<i>Non está permitido o acceso ao botiquín sen a supervisión do profesorado.</i>
Oficina	1	<i>Uso exclusivo persoal do Servizo de Deportes.</i>
Almacén	1	<i>Non está permitido o acceso dos/as alumnos/as. O profesorado será o encargado de acceder ao almacén.</i>
Aseos públicos masculinos	1	<i>Uso permitido.</i>
Aseos públicos femininos	1	<i>Uso permitido.</i>
Bancadas	25	<i>Uso permitido nas zonas marcadas e baixo a supervisión do profesorado.</i>

Anexo II – Declaración responsable e aceptación de condicións e participación e de información sobre a COVID-19 na volta aos adestramentos e competicións.

D./D^a _____, con NIF _____
en representación da entidade _____, con
CIF _____,

En relación á volta aos adestramentos da entidade nas instalacións deportivas municipais e á vista do protocolo do Protocolo FISICOVID Rianxo coas coas *medidas de protección e prevención da saúde fronte á COVID-19 nas instalacións deportivas municipais*,

DECLARO, que a entidade que represento

Nomea como coordinador responsable da entidade deportiva, a efectos do disposto no Protocolo FISICOVID Rianxo de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais, a:

D/D^a _____

NIF _____ Telefono/s de contacto _____

Coñece a normativa en vigor que afecta á actividade que se ha desenvolver na instalación deportiva municipal e comprométese ao seu estrito cumprimento por parte de todos/as e cada un/ha dos/as integrantes da entidade.

Coñece o protocolo básico e actuación para o uso das instalacións deportivas municipais e acéptao de xeito expreso.

Coñece as circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e a seguridade de todos/as os/as participantes antes, durante e con posterioridade á actividade que se ha desenvolver na instalación. En especial o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVD-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Dispón das declaracións responsables, aceptacións e compromisos individuais de cada un dos membros da entidade que participarán na actividade nas instalacións deportivas municipais.

Rianxo, de 2020

Sinatura: _____

OBSERVACIÓNS

Rianxo, ____ de _____ 2020

O coordinador da entidade deportiva

Sinatura:

D/D^a

Anexo IV – Declaración responsable

D./D^a _____, con NIF _____
actuando en nome propio ou como pai/nai/titor do interesado/a (de ser caso, datos do menor de idade):

D./D^a _____, con NIF _____
para a actividade de volta aos adestramentos e competicións organizada pola entidade deportiva _____ para a tempada 2020-2021.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Declaro non estar diagnosticado/a de COVID-19 e non presentar sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade respiratoria, etc.) nin se me presentaron nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padezo ningunha enfermidade contaxiosa.
- Declaro que non convivo con ninguén afectado/a pola COVID-19 nin estiven en contacto estreito nin compartín espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada pola COVID-19, nos últimos 14 días á entrada nesta actividade.
- Comprométome a notificar inmediatamente á entidade deportiva calquera problema de saúde vinculado ao Covid-19 durante o transcurso da actividade.
- Declaro, no caso de pertencer a un grupo vulnerable fronte á COVID-19, que son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

ACEPTACIÓN DA CONDICIÓNS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

- Lin, acepto e comprométome a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se vaia a desenvolver a actividade. da correspondente federación deportiva aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

ACEPTACIÓN DA INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLO CLUB E CONCELLO

- Declaro que recibín e lin o protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Rianxo e que, polo tanto, teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
- Declaro que recibín e lin as medidas de prevención dispostas polo club e protocolo FISICOVID da federación

Rianxo, de 2020

Sinatura: _____

Anexo V – Enquisa de autoavaliación

ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas, solicita consulta no teu centro de saúde.

No caso de resposta **POSITIVA** nalgunha das opcións, **NON ACUDAS** a adestrar nin á instalación deportiva e comunícallo ao teu club e ás autoridades sanitarias competentes.

Tés algún destes síntomas		Si	Non
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Contactos		Si	Non
Contacto estreito ou convivencia con:	Cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

En relación á volta aos adestramentos/competicións da entidade nas instalacións deportivas municipais e á vista do Protocolo FISICOVID Rianxo que recolle as *medidas de protección e prevención da saúde fronte á COVID-19 nas instalacións deportivas municipais*,

DECLARO, que a entidade que represento

Nomea como coordinador/a responsable da entidade deportiva, aos efectos do disposto no Protocolo FISICOVID Rianxo de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais, a:

D/D^a _____

NIF _____ Telefono/s de contacto _____

Coñece a normativa en vigor que afecta á actividade que se ha desenvolver na instalación deportiva municipal e comprométese ao seu estrito cumprimento por parte de todos/as e cada un/ha dos/as integrantes da entidade.

Coñece o protocolo básico e actuación para o uso das instalacións deportivas municipais e acéptao de xeito expreso.

Coñece as circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e a seguridade de todos/as os/as participantes antes, durante e con posterioridade á actividade que se ha desenvolver na instalación. En especial o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVD-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Dispón das declaracións responsables, aceptacións e compromisos individuais de cada un dos membros da entidade que participarán na actividade nas instalacións deportivas municipais.

Rianxo, de 2020

Sinatura: _____